DEPUTACIÓN
OURENSE

Expediente:	**2025/15153S**
Destinatario:	**FEDERACION GALLEGA BALONCESTO.-DELEGACION OURENSE**
Dirección:	**CARLOS MASIDE, S/N ESTADIO DO COUTO**
	32002 OURENSE
	OURENSE
Núm. notificación:	**DP/00000004/0002/000107400**

NOTIFICACIÓN

Para o seu coñecemento e efectos, comunícolle que a Presidencia desta Deputación, ditou, con data 26 de maio de 2025, a seguinte:

"Providencia.

Expediente de concesión de subvención nominativa a favor da Federación Gallega de Baloncesto, para "Copa Deputación basquet e mini masculino e feminino", correspondente ao ano 2025.

Na modificación de créditos número 3/2025 das bases de execución do orzamento desta Deputación para o exercicio 2025, prevese a concesión dunha subvención nominativa a favor da Federación Gallega de Baloncesto por importe de 15.000,00 euros, para "Copa Deputación basquet e mini masculino e feminino", correspondente ao ano 2025.

De conformidade co establecido no artigo 65.1 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, os procedementos de concesión de subvencións nominativas poden iniciarse de oficio.

A iniciación do expediente dará lugar á súa instrución, que terá por obxecto a comprobación de que o beneficiario reúne os requisitos legais para obter a subvención, así como para a determinación do obxecto da subvención. A instrución do expediente será realizada pola Sección de Subvencións, dependente da Área de Intervención.

Polo exposto, e no exercicio das atribucións delegadas mediante Decreto da Presidencia, publicado no BOP de 11 de agosto de 2023, DISPOÑO:

1º) Incoar expediente de concesión a Federación Gallega de Baloncesto dunha subvención nominativa, para" Copa Deputación basquet e mini masculino e feminino", correspondente

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 15703232051464472572 en https://sede.depourense.es

ao ano 2025, encomendando a instrución do expediente á Sección de Subvencións, dependente da Área de Intervención.

2º) Requirir ao interesado para que presente ante esta Deputación Provincial, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación:

1. Comunicación dos seguintes datos da entidade:

a) CIF

b) Nome, apelidos e DNI do seu representante legal.

c) Domicilio

d) Enderezo de correo electrónico para o envío do aviso de notificación electrónica.

A comunicación dos datos da entidade deberá realizarse no **modelo A1** de persoa xurídica dispoñible na páxina web da Deputación Provincial de Ourense https://www.depourense.gal/gl/servizos/subvencions/tramitacion-oficio

2. Autorización á Deputación Provincial para consultar, se é o caso, a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas ou das súas redes corporativas, os seguintes datos ou documentos:

-CIF da entidade.

-DNI do representante legal.

-Certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal e a Seguridade Social.

A autorización realizarase marcando o recadro correspondente, que figura no anterior **modelo A1** de persoas xurídicas dispoñible na páxina web da Deputación Provincial de Ourense.

Advírtese que no caso de que non autorice expresamente a realización da dita consulta, deberá achegar os indicados documentos (CIF, DNI do representante, certificación de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa facenda estatal e coa Seguridade Social).

Excepcionalmente, no suposto en que por razóns técnicas a Deputación non poida consultar a documentación obrante en poder doutras administracións públicas ou que xa obrase no seu poder, poderase requirir ao interesado para que achegue esa documentación o que se lle notificará expresamente de ser preciso.

3. Estatutos sociais da entidade, ou documento equivalente, inscrito no rexistro oficial correspondente.

4. Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme os estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 15703232051464472572 en https://sede.depourense.es

da representación acreditarase mediante documento probado do seu nomeamento ou elección, acompañado dun certificado do secretario da entidade que acredite que continúa no cargo.

5. Certificado da conta aberta en entidade de crédito onde se deberá aboar a subvención, en caso de concederse.

Non será necesario presentar os documentos anteriores cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación , agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior. Para estes efectos, os solicitantes deberán facer constar que se acollen expresamente a este dereito, mediante o **modelo A2** dispoñible na páxina web da Deputación Provincial de Ourense. Este modelo deberá ser cuberto correctamente para producir efectos. En caso de presentarse incompleto este documento, non se terá en conta.

6. Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, segundo o **modelo A3**.

7. Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas como as concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o **modelo A4**.

8. Certificacións, emitidas polos organismos correspondentes, de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, Facenda estatal, e coa Facenda autonómica de Galicia.

9. Orzamento detallado de gastos e ingresos da entidade correspondentes ao ano 2025, debidamente asinado polo representante legal.

10. Orzamento detallado dos gastos e ingresos do funcionamento e mantemento, acompañado dun programa/memoria relativo a dito obxecto, correspondentes ao ano 2025, debidamente asinado polo representante legal. Advírtese que no caso de presentar gastos indirectos relacionados coa finalidade da presente subvención, soamente se terán en conta a efectos de xustificación unha porcentaxe máxima do 25% do importe da subvención concedida.

Aos efectos oportunos, e de conformidade co establecido no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 15703232051464472572 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN
OURENSE

subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

3º) A presentación da documentación sinalada nos apartados anteriores deberá presentarse no Rexistro Xeral desta entidade de forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación de Ourense, a través do Catálogo de Trámites do Rexistro Electrónico, onde utilizará o trámite denominado "Solicitude de propósito Xeral", debendo indicar en dito trámite o **número de expediente** que figura na presente providencia.

Esta mesma vía poderá utilizarse para a realización de calquera outro trámite ulterior no expediente, incluída a presentación no seu día da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade da subvención.

O acceso ao trámite indicado da sede electrónica pode facerse dende o enlace dispoñible para o efecto na páxina web da Deputación:
https://sede.depourense.es/sta/CarpetaPublic/doEvent?APP_CODE=STA&PAGE_CODE=CATALOGO

4º) En caso de non presentar a documentación sinalada en prazo, a Deputación Provincial poderá resolver o procedemento denegando a concesión da subvención, por falta de acreditación do cumprimento dos requisitos legais para ser beneficiario da subvención, ou por falta de determinación do seu obxecto, se é o caso.

5º) Notifíquese ao interesado."

O que lle notifico, para o seu coñecemento e efectos.

Asinado electrónicamente por
ADAMANTINO BARREIRO GARCIA
Vicesecretario Xeral
27/05/2025 - 11:18:42

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 15703232051464472572 en https://sede.depourense.es